



CONCELLOS

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO BIMESTRE DO 2022

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data de data 03/05/2022, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 04-05-2022 ao 04-07-2022. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 4 de maio de 2022.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1124

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/05/2022, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal de 2 tractoristas, 5 albaneis, 1 palista, 1 soldador, 2 peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de fomento do emprego 2022 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 4 de maio de 2022.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1125

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Bases para a elección xuíz de paz titular.

1º) Requisitos:

Ser español, maior de idade e non estar impedido nin física nin psiquicamente para o cargo.

Non estar condenado por delito doloso mentres non se obtivese a rehabilitación ,nin estar procesado ou inculpado por delito doloso mentres non resulte absolto ou se dite acto de sobresemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís.

2º) Solicitude:

Farase no impreso que para os efectos se facilitará nas oficinas municipais conforme o seguinte modelo:

D. _____,
maior de idade, veciño de _____
con domicilio en _____
con D.N.I. vixente número _____,
e teléfono número _____,

E X P Ó N :

Que ten coñecemento polo edicto publicado no B.O.P. número _____ de data _____ da apertura do prazo de solicitudes para designa-la persoa que ocupe o posto de xuíz de paz titular deste concello.

Que non se encontra en ningún dos casos previstos de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño do cargo.

Que alega os seguintes méritos, e xunta á presente solicitude a seguinte documentación:

Que crendo acada-los requisitos legais para o desenvolvemento de dito cargo,

S O L I C I T A :

Ser nomeado xuíz de paz titular da Pobra de Brollón.

(Lugar, data e sinatura)

Sr. Alcalde da Pobra de Brollón.

3º) Prazo e lugar de presentación:

No rexistro municipal no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P.

4º) Documentación a xuntar:

- Certificación da acta de nacemento ou fotocopia compulsada do D.N.I.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1.980.
- Certificacións ou copias compulsadas de títulos académicos.
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

5º) Criterios de elección:

As prioridades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

A Pobra do Brollón, 3 de maio de 2022.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 1097

QUIROGA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O Pleno do Concello de Quiroga, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2022, acordou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU).

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de tinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, e procederase á publicación do texto integro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Quiroga, 29 de abril de 2022.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1098

O VICEDO

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2022, aprobou o expediente de expropiación forzosa, con ocupación urxente, da relación de bens e dereitos afectados pola execución da obra "Recuperación da servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e execución de sendeiro litoral; TM O Vicedo (Lugo)". Sométese o expediente a información pública por prazo de quince días, que se computará a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a efectos de que as persoas interesadas poidan facer as alegacións que estimen oportunas.

O expediente está ó seu dispor na Secretaría municipal.

Relación de bens e propietarios afectados:

Nº de orde	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Superficie afectada (m2)	Importe total expropiacións
1	6833101PJ0463S0001PE	r/ Vías e Obras, nº 10 - 1ªA, O Vicedo (Lugo)	Olga Leirado Pérez	488,00	16.370,56 €

2 (*)	6833102PJ0463S0001LE	r/ Vías y Obras, nº 8, 27860 - O Vicedo (Lugo)	D.P. Tesorería General de la Seguridad Social	232,00	
3 (**)	6833107PJ0463S0001KE	r/Vías e Obras, nº 4 (D) Suelo, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Concello do Vicedo	95,00	
4	6833103PJ0463S	r/ Vías e Obras, nº 4, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Comunidade de Propietarios r/ Vías e Obras, nº 4	536,00	3.720,11 €
5	6833103PJ0463S0049KH	r/ Vías e Obras, nº 4, Es:3, Pl:00, Pt:O Finca nº 1 del Dpto. 2, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Inversiones Financieras Moreda, S.L.	625,00	6.433,02 €
6	6933001PJ0463S0001ZE	Camiño da Fábrica, nº 4 Suelo, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Fidel Rodríguez Calvo	106,00	735,69 €
				TOTAL	27.259,38 €

* Parcela afectada polo proxecto que é propiedade D.P. Tesorería General de la Seguridad Social, e que, por lo tanto, non será obxecto de expropiación.

** Parcela afectada polo proxecto que é propiedade do Concello do Vicedo, e que, polo tanto, non será obxecto de expropiación.

O Vicedo, 3 de maio de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1099

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BEGONTE

Anuncio

Extracto do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproban as Bases reguladoras da Convocatoria de subvencións para as obras de conservación e rehabilitación ou de construción nova de vivendas no municipio de Begonte do ano 2022.

BDNS (Identif.): 618851

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/618851>)

Primeiro. Beneficiarios:

Os beneficiarios das subvencións deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.
- Destinar a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de construción a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da unidade familiar, durante un prazo de polo menos 5 anos desde a finalización das obras, sen que poida ser obxecto de cesión a transmisión inter vivos por ningún título durante un prazo de 10 anos desde a concesión da subvención.
- Ostentar a propiedade /copropiedade ou título habilitante da vivenda/inmóble obxecto de rehabilitación e conservación ou construción.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

-Estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa seguridade social.

-Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmovible e xustificar documentalmente o alta da vivenda no Catastro correspondente.

Segundo. Finalidade:

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencións establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 17 de febreiro de 2022.

Cuarto. Importe:

Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento (2%) do importe do orzamento de execución material (PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención da licenza ou título habilitante, cun máximo de tres mil (3.000,00) euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2022.

Begonte, 3 de maio de 2022.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R, 1100

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES REGULADORAS DE LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES O ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL DESARROLLO DE ACTUACIONES EN EL ÁMBITO DE LOS SERVICIOS SOCIALES EN EL AÑO 2022

BDNS (Identif.): 624240

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/624240>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en las presentes bases las entidades de iniciativa social a las que se refiere el artículo 30 de la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, que realicen actividades o desarrollen proyectos de interés social para el municipio en el ámbito de los servicios sociales y que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria y reúnan a la finalización del plazo de presentación de solicitudes los requisitos de acceso establecidos en la base 2ª y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto

Esta convocatoria pública tiene por objeto regular el procedimiento de concesión de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva destinadas a entidades y asociación sin ánimo de lucro que realicen proyectos de prestación de servicios sociales en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para el año 2022. De este modo, el Ayuntamiento de Monforte de Lemos pretende fomentar y apoyar el desarrollo de proyectos complementarios de servicios sociales comunitarios de entidades de iniciativa social previamente inscritas en el Registro municipal de asociaciones atendiendo a su interés social, calidad, carácter innovador y articulación efectiva con la oferta pública de servicios sociales comunitarios.

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 12.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 20 días hábiles.

Monforte de Lemos, 2 de mayo de 2022.- El Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1101
